

CONVOCATORIA CONTRATACIÓN PERSOAL CITMaga

DENOMINACIÓN: *Contratación no marco do programa propio de investigación do consorcio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMaga), aprobado polo Consello Reitor o 25 de maio de 2022, para o desenvolvemento da Axenda Científica do CITMaga. Na área de Investigación e Transferencia “Competitividade Industrial” dentro do programa de investigación “Modelización matemática para a industria” e na liña de investigación “Modelado, simulación numérica, optimización e control de problemas da ciencia e da industria”.*

REFERENCIA DA OFERTA: CITMaga-OT-07/2022.

DESCRIPCIÓN DO POSTO: 1 contrato como investigador/a colaborador/a.

ACTIVIDADES A REALIZAR: Actividades de modelización matemática, simulación numérica, optimización e control de problemas da ciencia e da industria, na área de Investigación e Transferencia “Competitividade Industrial” dentro do programa de investigación “Modelización matemática para a industria” e na liña de investigación “Modelado, simulación numérica, optimización e control de problemas da ciencia e da industria”.

FUNCIÓNS A REALIZAR: realización de tarefas de investigación en modelización matemática, simulación numérica, optimización e control da ciencia e da industria relacionados con procesos de obtención e almacenamento de hidróxeno.

PERFIS DOS CANDIDATOS: Licenciados/as, Enxeñeiros/as, Graduados/as ou equivalentes.

MÉRITOS E REQUISITOS A VALORAR:

- **Formación e experiencia xeral a valorar (30 puntos, todas as aportacións deben estar documentadas).**
 - Expediente académico do grao/licenciatura/enxeñería. Expediente do máster (no seu caso). Valorarase o grao de afinidade das titulacións do candidato cos ámbitos da Matemática Industrial (Matemática Aplicada, Investigación Operativa, Estatística, Informática, Física ou similares) (20 puntos).
 - Formación relacionada con técnicas de programación matemática, métodos numéricos para a resolución de EDPs e estatística. (5 puntos).
 - Coñecementos de inglés (5 puntos).

Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
www.itmati.com
Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

■ Coñecementos e experiencia adicional e específica a valorar (40 puntos, todas as aportacións deben estar documentadas).

- Formación e experiencia acreditada en modelización, simulación numérica, optimización e control, e na implementación e validación en computador de algoritmos e métodos numéricos propios destas disciplinas. En particular, valorarase especialmente a experiencia en procesos de transferencia de calor, dinámica de fluídos e reaccións químicas. (10 puntos)
- Formación e experiencia acreditada na modelización de problemas de programación matemática empregando linguaxes de modelado algebraico tales como Pyomo ou AMPL. (10 puntos)
- Formación e experiencia acreditada no uso e implementación de modelos de Machine Learning en linguaxes como Python ou R. (10 puntos).
- Formación e experiencia acreditada no desenvolvemento de código en Python. Valorarase o coñecemento doutras linguaxes de cálculo científico (Fortran, Matlab, C, C++, Julia etc.)/ etc.) (10 puntos)

■ Entrevista persoal (30 puntos).

As persoas candidatas seleccionadas de acordo cos criterios anteriores serán convocadas a unha entrevista persoal. Entrevistaranse polo menos ás tres persoas candidatas con mellor valoración e que entre os dous apartados anteriores alcanzasen polo menos 40 puntos.

REQUISITOS XERAIS DOS CANDIDATOS

Para ser admitidas/os, as persoas aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto para a que realicen a súa solicitude indicados no punto anterior, deberán posuír no día de finalización de presentación de solicitudes e mantelos ata a data prevista de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ter nacionalidade española ou dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas con nacionalidade española e de algún dos demais Estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, o dos nacionais de algún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean

Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
www.itmati.com
Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte un anos ou maiores de dita idade que vivan ao seu cargo.

- Así mesmo poderán participar as persoas con nacionalidade de países non membros da Unión Europea ou que non estean incluídos no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. No obstante, a formalización do contrato laboral con estes nacionais queda condicionada a que os aspirantes teñan concedida a excepción ou permiso de traballo e residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos.
- Estar en posesión da/s titulación/s válida/s en España que se indique/n de acordo á lexislación española.
- Estar en posesión do título e demais requisitos esixidos na convocatoria para cada categoría ao finalizar o prazo de solicitude.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física o psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

CONDICIÓNS:

- Retribución bruta mensual: 1.670,89 € en 14 pagas.
- Data inicio prevista: a partir do día seguinte á fecha de resolución da selección.¹
- Tipo de contrato: contrato de actividades científico-técnicas indefinido.
- Categoría Laboral: investigador/a colaborador/a
- Xornada laboral: a tempo completo (35.0 horas semanais).

COMISIÓN DE AVALIACIÓN:

As solicitudes presentadas serán valoradas por unha Comisión de Avaliación designada ao efecto. A Comisión estará constituída polo responsable científico (presidiráa) y membros do equipo de investigación vinculados ao Centro.

¹ A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución da adxudicación do contrato.

Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
www.itmati.com
Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

Membros da Comisión Especializada de Selección:

- Presidente: Alfredo Bermúdez de Castro.
- Secretario: Ángel Manuel González Rueda.
- Vogal: María del Pilar Salgado Rodríguez

LUGAR DE TRABAJO: Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAGA), Campus Vida, Santiago de Compostela.

ENVÍO DE SOLICITUDES

As persoas interesadas nestes contratos deberán enviar antes do 26 de xullo de 2023 ás 23:59 horas as solicitudes, que deberán incluír unha carta de presentación que resuma a traxectoria do solicitante cos méritos e experiencia a valorar na convocatoria, o currículo vitae (con teléfono móbil e correo electrónico), os títulos e os expedientes académicos de Grao/Licenciatura/Enxeñería e Mestrado; outras certificacións, e a vida laboral (que acredite os méritos profesionais que aparecen no currículo vitae). Toda a documentación remitirase á seguinte dirección de correo electrónico: itmati@citmaga.gal indicando en “asunto” a referencia da oferta CITMAGA-OT-07/2023. Unha vez recibida a solicitude confirmarase a recepción da mesma mediante correo electrónico. As persoas candidatas que sexan convocadas á fase de entrevista deberán aportar documentación orixinal dos méritos aportados.

PRAZOS E RESOLUCIÓN:

Recepción de solicitudes: ata o 26 de xullo de 2023 ás 23:59 horas

Avaliación de solicitudes e realización de entrevistas persoais: semana do 26 e 31 de xullo de 2023.

Resolución da convocatoria: segunda quincena xullo de 2023, primeira semana de agosto 2023.

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

Os contratos recollidos nesta convocatoria terán carácter laboral indefinido para o desenvolvemento da liña de investigación indicada en cada convocatoria de prazas e o persoal contratado a través da mesma dedicarse en exclusividade á realización das actividades vinculadas á liña de investigación para a que será contratado.

Ademais das causas de extinción previstas no artigo 49 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as normas de desenvolvemento e concordantes, o contrato finalizará cando finalicen as actividades obxecto do mesmo ou cando finalice o financiamento. Á extinción do

Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación

www.itmati.com

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

contrato ao traballador corresponderalle unha indemnización de 20 días por ano traballado ou parte proporcional.

RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratados deberán manter a confidencialidade da actividades que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestión e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto o seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RXPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CITMAGA); FINALIDADE DO TRATAMENTO: A xestión das candidaturas vinculadas ao proceso de selección;

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1a do RXPD);

DESTINATARIOS DOS DATOS: Non se cederán datos a terceiros;

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o prazo máximo de dous anos;

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, oposición, limitación do tratamento e retirar no seu caso o consentimento outorgado enviando un email a dpd@citmaga.gal

CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@citmaga.gal

Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación

www.itmati.com

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

Toda a información en relación con esta convocatoria, así como a resolución desta, publicárase na páxina web de CITMAGA <https://citmaga.gal/procesos-seleccion-personal>.

Rosa María Crujeiras Casais
Directora Científica de CITMAGA.



Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
www.itmati.com
Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ROSA MARIA CRUJEIRAS CASAIS, NIF ***3178**, 18/07/2023 14:28:32.

CSV: 4F2B-ECB7-4BD5-8822